

«Isto supón o final dunha etapa da miña vida literaria»

O escritor Antonio Tizón participará este venres na Feira do Libro ás 19.00 horas na caseta da librería Pedreira, co seu libro 'Coplas analfabetas', obra na que pon en valor a cultura popular galega. O formato é un libro-disco, que conta cun podcast

Á. Abeledo A Coruña 08 de agosto de 2025

<https://www.laopinioncoruna.es/coruna/2025/08/08/isto-supon-o-final-dunha-120440714.html>

Unha historia que conta a realidade de moitas avoas, nais e madriñas de Galicia que non tiveron unha educación, pero que cantaron e transmitiron a cultura popular cos seus cantos. Esta historia está presente no libro Coplas analfabetas, do escritor Antonio Tizón, nado en Aranga e afincado na Coruña e que leva traballando neste proxecto arredor de nove anos.

Durante este proceso tivo que buscar quen lle fixese a adaptación musical das coplas que compila no libro, e atopar a voz da avoa, figura principal do relato, inspirado na madriña do autor, María Domingo Cordeiro, unha muller analfabeta pero cun gran repertorio de cantigas populares. «Pasei moito tempo falando con distintas mulleres ás que lles interesase o proxecto, pero ían caendo polo camiño. Ao final tiña á mellor actriz diante dos fuciños, a miña amiga Eugenia Sanmartín, que fixo todo o arranxo musical, e á parte tamén é actriz e cantante», explica Tizón.

Coplas analfabetas conta con 55 poemas encadeados. «A partir deles, seleccionamos catorce coplas para adaptar musicalmente. Das catorce, dez adaptounas Eugenia Sanmartín, tres fíxoas Barahunda e unha, Carmen Penim. E logo tamén participou Davide Salvado como a voz do neto», indica.

No libro hai tres voces fundamentais: a da avoa, a do avó e a do neto. A obra é un libro disco, que conta con múltiples ilustracións, feitas por Mari Quinteiro, esposa do autor.

Coplas analfabetas vai da man doutra continuación, Madriña, o derradeiro libro desta pentaloixía, que sairá dentro de dous meses. «É a última peza dun conxunto co que levo os últimos dez anos. Isto supón o final dunha etapa da miña vida literaria. Estes proxectos non son só novelísticos e poéticos, senón que son multimedia», indica o escritor.

O libro divídese en dúas partes diferenciadas. A primeira, Coplas analfabetas e revolucionarias, xira arredor da política e no social. «As coplas están moi centradas no feminismo, procurei que a voz fose feminista dende o punto de vista da avoa, trátase o analfabetismo e a explotación», sinala. A segunda parte, Coplas de vida trala morte, segue unha liña metafísica e filosófica, na que hai diálogos típicos galegos sobre a morte, deus e o demo. «A temática cambia por completo,

pero a forma é a mesma, sempre son romances encabalgados. O último verso dunha copla enlaza co primeiro da seguinte; isto mantense na adaptación musical», explica.

Tizón leva as súas novelas ao formato podcast. «Isto é unha experiencia única en Galicia, non hai ningunha novela galega que se levase ao podcast, e é unha forma de captar novos lectores», sinala o autor. A Madriña xa está dispoñible neste formato.

O escritor estará este venres ás 19.00 horas no posto da librería Pedreira na Feira do Libro, na que xa participou en diversas ocasións. «A presentación de Coplas analfabetas é complicada, porque o axeitado sería levar aos músicos para cantar», di. En principio, na presentación da Coruña estará acompañado de Eugenia Sanmartín. «Eugenia fará un resumo de fragmentos representativos da obra e cantará unhas cantas coplas, e eu recitarei algo pero pouquiño», indica.